

Referencia da Praza: CS2201-C01-610-AC-P3-1

Tipo de Praza: Profesor/a asociado/a cc. da saúde

Área de Coñecemento: Medicina

Departamento: Bioloxía Funcional e Ciencias da saúde

Sede actuación da comisión: Vigo

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Vigo o día 20 de xuño de 2022 coa asistencia de:

Presidente/a: Pilar Molist García

Sexo: Muller Home

Secretario/a: Marcos Antonio López Patiño

Sexo: Muller Home

Vogal 1º: Manuel Megías Pacheco

Vogal 2º: Marisol Bravo Amaro

Vogal 3º: María Holanda Rodríguez Vázquez

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación de traballadores:

Vogal 4º: Begoña González de Prado

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordáronse por unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración:

Titulación(s) básica(s): Licenciado/a Graduado/a en Medicina. Especialidad en Neuroloxía, Neurociruxía, Neurofisioloxía clínica, Otorrinolaringoloxía, Oftalmoloxía

Titulación(s) afín(s): Non se contemplan

Área(s) Afín(s): Non se contemplan

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de titulacións afíns (puntos a, b, c) e áreas afíns (puntos d, e). Non se puntuará no caso de titulacións/áreas non afíns.

Soamente se valorará Medicina.

a) Expediente académico (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas) Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

O sinalado no epígrafe.

b) Grao de Licenciatura ou Tese de Licenciatura. Sobresaliente (1), Notable (0,66), Aprobado (0,33)

O sinalado no epígrafe.

c) Premio Extraordinario de Licenciatura: 0,5

O sinalado no epígrafe.

d) Tese de Doutoramento. Sobresaliente “cum laude”(ou Apto “cum laude”) (4), Sobresaliente (3), Notable(ou Apto) (2), Aprobado. (1)

O sinalado no epígrafe. Non se puntuará se non está relacionada co perfil da praza.

e) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5.

O sinalado no epígrafe.

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes á área de coñecemento obxecto do concurso, ata un máximo de 10 puntos.

A puntuación dos méritos correspondentes dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

Considerase posición relevante como autor se o candidato ocupa o 1.º, 2.º ou último lugar dos autores.

As aportacións deben estar relacionadas co perfil da praza.

a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc.

- Libros Completos Internacionais: 2 pts.; Nacionais: 1 pto.

- Capítulos de Libro Internacionais: 1 pto.; Nacionais: 0.5 pts.

- Artigos científicos (non se consideran as cartas ao director, editoriais ou abstracts):

• Artigo orixinal en revista indexada no JCR-SCIE/ Q1, autor en posición relevante: 2 puntos.

• Artigo orixinal en revista indexada no JCR-SCIE/ Q2-Q4, autor en posición relevante: 1,5 puntos.

• Artigo orixinal en revista indexada no JCR-SCIE/, autor en posición non relevante: 1 punto.

- Patentes: 2 puntos/cada unha.

b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc. (Ata un máximo de 1,5 puntos).

Só se puntúan se o candidato está en posición relevante.

Valoraranse un máximo de 10 aportacións co seguinte baremo:

- Relatorio en Congreso Internacional: 0.4 puntos.

- Relatorio en Congreso Nacional: 0.2 puntos.

- Comunicación Congreso Internacional: 0.2 puntos.

- Comunicación Congreso Nacional: 0.1 puntos.

c) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións. (Ata un máximo de 1 punto).

Internacional sendo IP: 1 punto; participante 0.5 puntos.

Nacional sendo IP: 0.5 puntos; participante 0.25 puntos.

d) Estancias debidamente acreditadas noutros centros de investigación (Ata un máximo de 1 punto).

Só se puntúan estancias de duración consecutiva igual ou superior a un mes.

- Centro estranxeiro: 0.1 puntos por mes.

- Centro nacional: 0.05 puntos por mes.

e) Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologadas. (0,125 puntos por cada ano de bolsa, ata un máximo de 0,5 puntos).

O sinalado no epígrafe

f) Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, etc.). (Ata un máximo de 1 punto).

A efectos de consello de redacción de revistas, só se consideran as revistas indexadas en JCR-SCIE/. Máximo 0.1 puntos por cada mérito.

Calquera outro mérito ten que estar relacionado co perfil da praza.

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Puntuación máxima da suma das alíneas aquí incluídas no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

a) Docencia universitaria: 2 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. 1 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial. 0,75 puntos por cada 60 horas anuais de docencia para as bolsas de investigación, con acreditación oficial.

A docencia debe estar en relación co perfil da praza, e certificada adecuadamente polo órgano competente da Universidade, constanding especificamente o tipo de praza e a docencia impartida (en horas ou créditos).

b) Docencia non universitaria: 0,50 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. (No caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional, non se valorará nesta alínea).

Só se valorará se está relacionada co perfil da praza e adecuadamente acreditada.

- Formación Sanitaria Especializada:

- Xefe de Estudos de Comisión de Docencia: 0,4 puntos por ano.

- Titor de residentes: 0,2 puntos por ano.

Non se valora a simple pertenza a un Servicio/Unidade/Hospital con acreditación para a docencia.

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

CAP ou Máster Oficial en Formación do Profesorado

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase unicamente a experiencia profesional que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza: ata un máximo de 10 puntos. Outra experiencia profesional relacionada coa área, a puntuación dividirase por dous, ata un máximo de 5 puntos. Non se puntuará a experiencia profesional non relacionada nin co perfil nin coa área.

Considerase só a actividade axustada ao perfil da praza.

- a) Actividade profesional que require título universitario: ata 2 puntos por ano.

O sinalado no epígrafe.

- b) Actividade profesional que non require título universitario: ata 0,33 puntos por ano.

O sinalado no epígrafe.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

5. PROXECTO DOCENTE

O proxecto docente, cunha extensión máxima de 15 páxinas, versará sobre a materia: Estrutura é patoloxía médico-quirúrxica: Sistema nervioso e órganos dos sentidos.

O Proxecto debe contemplar todos os contidos da materia obxecto de concurso, e debe axustarse á Guía Docente da materia (tal como se publica na UVIGO). Non é necesario, nin recomendable, reproducir textualmente toda a Guía Docente no Proxecto, dado o seu carácter público.

Valorarase a calidade global do Proxecto, a súa metodoloxía, a adecuación á materia e ao contexto no que se imparte, ás competencias da titulación e á materia, así como o desenvolvemento específico e aplicado da programación docente nas súas distintas metodoloxías

e as fontes de información e sistemas de avaliación. Poderanse valorar tamén as propostas fundamentadas de modificacións futuras na Guía Docente .

Se non se indica ningunha materia, o proxecto versará sobre calquera das materias que aparecen no perfil da praza no anexo II da convocatoria.

O proxecto presentado valorarase ata un máximo de 10 puntos.

6. OUTROS MÉRITOS

Outros méritos, non valorados nas alíneas anteriores. Nesta alínea valorarase necesariamente o coñecemento da lingua galega, agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutra alínea. Ata un máximo de 10 puntos. Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos.

- Acreditacións ANECA (ACSUG) (só se valora a máis alta):

- Catedrático, Titular ou Contratado Doutor: 2 puntos.

- Axudante Doutor ou de Universidade privada: 1 punto.

- Licenciatura ou Grado Universitario relacionado coa materia: 1 punto.

- Máster Oficial Universitario acreditado e rexistrado no RUCT: 0.5 puntos.

- Títulos oficiais de especialización universitaria acreditados: 0.5 puntos.

- Idiomas

- Galego:

..... Iniciación: 0.5 puntos; Perfeccionamento: 0.5 puntos.

..... Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA): 0.2 puntos por cada nivel (máximo 1 punto).

..... - Outros idiomas, con acreditación oficial mínima B1 (MCER): 0.5 puntos por idioma.

- Dirección Teses Doutorais: 1 punto/tese.

- Dirección TFG/TFM (documento oficial): 0.2 puntos/cada dirección.

- Colaborador docente USC: 0.1 puntos por ano (máximo 0.5 puntos).

___Vigo___ , ___20___ de ___xuño___ de ___2022___

Presidente /a

Secretario / a

Vogal 4º (con voz e sen voto)

Vogal 1º

Vogal 2º

Vogal 3º